



Vila natal de Ramón del Valle-Inclán

**Concello de  
Vilanova de Arousa**

Praza do Concello, nº 1 rexistro.xeral@vilanovadearousa.com Tfnos.: 986 554 021  
36620 Vilanova de Arousa www.vilanovadearousa.com 986 554 082  
Pontevedra 986 555 102  
Fax: 986 554 069

## BANDO

**GONZALO DURÁN HERMIDA, Alcalde-Presidente do Concello de Vilanova de Arousa,**

### FAI SABER:

Que o concello deberá elixir un **XUIZ DE PAZ SUBSTITUTO** deste municipio para o período comprendido entre os anos 2018 e 2022, nos termos previstos na Lei 6/1985, do 1 de xullo, Orgánica do Poder Xudicial.

Os **REQUISITOS** para ser designado Xuíz de Paz Substituto son es seguintes:

---Ser español, maior de idade e non estar impedido física ou psiquicamente para o desenvolvemento da función xudicial.

--Non estar condenado por un delito doloso mentres non se teña obtida a rehabilitación; non estar procesado por delito doloso en tanto non se sexa absolto ou se dite auto de procesamento.

--Estar en pleno exercicio dos dereitos civís.

Ábrese un prazo que rematará o vindeiro día **31 de OUTUBRO de 2018** para que as persoas que estean interesadas e reúnan as condicións legais, presenten no Rexistro Xeral do concello a súa solicitude acompañando á mesma documentación que no dito Rexistro se lle indique.

Caso de non haber ningún solicitante a Corporación elixirá libremente comunicando a súa decisión ao Xulgado de Primeira Instancia e Instrución de Vilagarcía de Arousa e á Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

O que se fai público para xeral coñecemento e efectos.

Vilanova de Arousa a 28 de setembro de 2018.

O ALCALDE.



GONZALO DURÁN HERMIDA